

REDRUM TEATRO PRESENTA

O espectáculo complementario á
**A NENA QUE
QUERÍA NAVEGAR**
inspirado en "Conto de Nadal"
de Charles Dickens



Dirixido por Alex Sampayo

Contos do Recreo

Sheyla Fariña Guillermo Carbajo
coa colaboración de Laura Miguez e Carlos Álvarez-Ossorio

Deseño Cartel e Álbum Ilustrado RODRIGO CHAO
Vestuario UXÍA P. VAELO Monicreques X. M. MÉNDEZ Construción Escenografía ESCENOSSET
Iluminación CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO Música DAVIDE GONZÁLEZ Axte. Produción RUBÉN PORTO
Produción REDRUM TEATRO Texto ALEX SAMPAYO e BORJA F. CAAMAÑO
Dirección ALEX SAMPAYO



www.redrumteatro.com/contosdorecreo



Agencia Galega do
Industria Cultural

Sinopse

Alicia é unha rapaza que goza mofándose das súas compañeiras. No recreo previo ao exame máis importante do curso, aparece nun lugar máxico habitado por Xacobe, a estafalaria estatua que custodia a porta que coroa o lugar. Para poder saír de alí e chegar ao exame, Alicia terá que resolver os enigmas e superar as probas que se agochan tras a porta dos recreos pasados, presentes e futuros.

A Compañía

Redrum Teatro somos unha compañía creada no 2009 que aposta por conxugar grandes valores da nosa escena con novos creadores cunha visión innovadora e ariscada. Anteriormente estreamos os espectáculos para adultos "A Pensión", "Currículum Vitae", "Amor Flexible", "Noiteboa", "A Canción do Elefante", "Estás aí?" e "Invisibles" e os espectáculos familiares "Moito Conto", "Roedores" e "A Nena Que Quería Navegar".



Unha comedia musical para toda a familia



O espectáculo para prever o acoso escolar complementario a "A Nena Que Quería Navegar"

O Proxecto

Continuando a temática de acoso escolar iniciada con "A Nena Que Quería Navegar" presentámosvos esta fascinante historia inspirada libremente en "Conto de Nadal" de Charles Dickens. Nesta ocasión a nosa protagonista é Alicia, unha rapaza que goza facéndolle a vida imposible as súas compañeiras, e que se verá inmersa nunha aventura que a cambiará para sempre.

No recreo previo ao exame máis importante do curso chegará, coma se fose a protagonista do País das Marabillas, ata un máxico lugar onde habita Xacobe, o estafalario bedel custodio da imponente porta que coroa o lugar. Para poder saír de alí e chegar ao exame, Alicia terá que resolver os enigmas e superar os obstáculos que se agochan tras a porta dos recreos pasados, presentes e futuros. Aprendendo que a agresividade e a falta de empatía só conducen a infelicidade e a frustración e que para poder quererse a si mesma e aos demais ten que desterrar esas condutas da súa vida.

Novamente presentamos un espectáculo optimista, colorista e emocionante no que seguimos traballando co concepto de "reforzo positivo", pilar clave para prever o acoso escolar. E novamente as cancións en directo serán as protagonistas desta cuidada produción onde non faltarán os monicreques, a maxia, os efectos de iluminación, unha impresionante escenografía, un álbum ilustrado, e que na que o video-mapping porá a guinda de encanto a este espectáculo que fará as delicias de pequenos e maiores.




Elenco

Alicia Sheyla Fariña
Xacobe Guillermo Carbajo
Monicreques Carlos Álvarez-Ossorio

E as voces de Laura Miguez,
Rubén Porto e Alex Sampayo.

Equipo Técnico

Dirección Alex Sampayo
Texto Alex Sampayo
Borja F. Caamaño
Cartel e ilustracións Rodrigo Chao
Escenografía Escenonet
Monicreques X. M. Méndez
Vestuario Uxía P. Vaello
Confección Vaello
Axte. Producción Rubén Porto
Música Davide González
Gravación e mezclas Iago Blanco
Vídeo-mapping Alex Sampayo
Iluminación Carlos Álvarez-Ossorio
Distribución Guillermo Carbajo
Producción Redrum Teatro



Espectáculo musical
Duración aprox 50 min
Recomendado a partir de 4 anos
Adaptable a calquer espazo
Custe por función 2.178€

Información e contratación en redrumteatro@gmail.com
www.redrumteatro.com